



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZ DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

(ACTA NÚMERO 01)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
 D. Pablo Rivera Capón
 D. Xosé María Arias Fernández
 D. Iván Castro Díaz
 D. Carlos López López
 D^a. Iria Castro Fernández

Secretarios:

D. José Antonio Mourelle Cillero
 D. Pablo Seoane Cancelo

Interventora:D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dez de xaneiro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero que, segundo delegación de data nove de xaneiro de dous mil vinte e cinco, auséntase no punto n^o 3 e incorpórase como Secretario don Pablo Seoane Cancelo unicamente para dito asunto, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	1/8



	IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	1/8



Non asisten os señores deputados dona M^a. del Pilar García Porto e don Miguel Fernández Méndez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS MUTUOS ACORDOS ACADADOS E DAS FOLLAS DE APRECIO DA ADMINISTRACIÓN NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DA OBRA ANTAS DE ULLA.- ACONDICIONAMENTO DO ACCESO AO PARQUE CENTRAL DE GALICIA, LU-P-0301 "ANTAS DE ULLA (LU-P-1809)- LÍMITE PROVINCIA DE PONTEVEDRA (RODEIRO)", P.K. 0+390 AO 3+657.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En outubro do 2024 achegáronse, ós titulares de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio da obra Antas de Ulla.- Acondicionamento do acceso ao Parque Central de Galicia, LU-P-0301 “Antas de Ulla (LU-P-1809)- Límite provincia de Pontevedra (Rodeiro)”, P.K. 0+390 ao 3+657, as propostas de mutuo acordo que establecen os artigos 24 e seguintes da Lei do 16 do decembro do 1954 sobre expropiación forzosa (LEF) e, asemade, emprazóuselles para que, se o estimaban oportuno, presentaran as súas follas de aprecio segundo o artigo 29 da LEF.


Transcorrido o prazo regulamentario ó respecto e de conformidade co referido texto legal propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o gasto e recoñecer a obriga do pago do importe dos mutuos acordos acadados cos titulares das fincas polos importes que se concretan a continuación:


Nº Parcela	Titulares	Depósitos previos (Resolución 01/08/2024)		Mutuos acordos	Importes a pagar
		Pagados	Consignados		
3	Milagros Mariño Montes	248,58 €	-	2.641,55 €	2.392,97 € (mutuo acordo - depósito previo xa pagado)
4	Luciano López Rodríguez	-	40,02	400,22 €	400,22 €

2º.- Con base no informe do perito da Administración ó respecto, desestimar as alegacións e rexeitar a valoración proposta dona Ana María Pereiro Fernández e don Fidel Pereiro Fernández no seu escrito do 29/10/2024 relativo á finca 5 por considerar o seu importe excesivo e non acorde coa realidade obxectiva da aplicación da normativa de valoración vixente e por non concordar os bens a valorar.

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	2/8



	IV7V2SXNDFFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO SEOANE CANELO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	2/8





3º.- Con base no informe do perito da Administración ó respecto, desestimar as alegacións feitas por dona Ana María Pereiro Fernández e don Fidel Pereiro Fernández no seu escrito do 05/11/2024 relativo á finca 5 complementaria, posto que os bens

afectados vánselles enviar detallados nas follas de aprecio da Administración tal e como establece o artigo 30.2 da LEF.

4º.- Con base no informe do perito da Administración respecto do informe pericial presentado por dona Ana María Pereiro Fernández no seu escrito do 28/11/2024 relativo ás fincas 5 e 5 complementaria:

Rexeitar a valoración proposta por non corresponder a mesma cos bens inventariados, considerando ademais os prezos unitarios excesivos e non acordos coa realidade obxectiva da aplicación da normativa de valoración vixente.

Aceptar parcialmente as alegacións no que se refire ó reconto de bens, sendo os bens finalmente afectados na finca 5 complementaria os seguintes:

209 m² de solo rústico monte (expropiación)

494 m² de ocupación temporal de solo rústico monte, por un ano

64 m. de peche de pedra sobre pedra de 0,70 m. de altura

8 m. de peche de pedra sobre pedra de 1,30 m. de altura

Non incluír a retirada de escombros porque será retirada pola contrata en canto o permitan as operacións de construción da estrada.

5º.- Aprobar as follas de aprecio desta Administración, formuladas polo perito da Administración Juan José Fernández Granda, relativas ós bens e dereitos dos titulares que non aceptaron o mutuo acordo, cos importes reflectidos a continuación e proceder a súa consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial:

Nº Parcela	Titulares	Depósitos previos (Resolución 01/08/2024)		Follas de aprecio	Importes a consignar (folla de aprecio - depósito previo xa consignado)
		Pagados	Consignados		
1	María Lagos Varela	-	70,61 €	774,98 €	704,37 €
2	Julio Lagos Varela	-	140,74 €	1.542,91 €	1.402,17 €
5	José César Pereiro Varela, Ana María e Fidel Pereiro Fernández	-	526,88 €	5.656,52 €	5.129,64 €
5 complementaria	José César Pereiro Varela, Ana María e Fidel Pereiro Fernández	-	-	3.712,51 €	3.712,51 €

6º.- De conformidade co artigo 30.2 da LEF, achegar a folla de aprecio fundada desta Administración ós titulares cos que non se chegou ó mutuo acordo, para que, no prazo dos dez días seguintes de recibir a presente notificación, procedan a súa aceptación ou rexeitamento, podendo facer as alegacións que consideren oportunas.

7º.- Proceder á remisión das pezas separadas ó Xurado de Expropiación de Galicia naquelas fincas nas que os titulares non acepten a valoración da Administración, de conformidade co artigo 31 da LEF.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	3/8	

	IV7V2SXNDFFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO SEOANE CANELO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	3/8	

Neste momento auséntase da sesión o señor Secretario Xeral don José Antonio Mourelle Cillero e incorpórase don Pablo Seoane Cancelo.

3.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DO FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN NACIONAL, DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO-INTERVENTOR, EN ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS DE SECRETARIO XERAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“O 4 de decembro de 2024, D. José Antonio Mourelle Cillero, nacido o 29.03.1960, funcionario con habilitación de carácter nacional e titular da praza Secretario/a-Interventor/a, e posto de Secretario/a-Interventor/a Adxunto/a á Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo, presentou un escrito conformado polo Presidente desta Entidade, D. José Tomé Roca, no que solicita á Presidencia da Deputación Provincial de Lugo a prórroga da súa permanencia no servizo activo por un ano. Así mesmo, solicita que, en base ao exposto no seu escrito, sexa aprobada a mencionada prórroga.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación (MXN) da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:


“Anexo V.


Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social, como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	4/8	

	IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	4/8	



cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

- a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
- b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
- c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

- 1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
- 2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (DOGA núm. 82, do 04.05.2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e no Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador/a, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario/a aos sesenta e cinco anos de idade.
- b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	5/8	

	IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	5/8	

Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, ademais das tarefas habituais de xestión ordinaria, se describen un conxunto de tarefas específicas que é necesario acometer, e que os procesos de substitución necesitan dun tempo de adaptación e adquisición de experiencia.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.


Tendo en conta que, existe conformidade expresa do funcionario de prolongar a súa permanencia no servizo activo, están acreditados os bos resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado segundo se recolle no expediente de avaliación individual de desempeño (01.12.2023 ao 30.11.2024) e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza asiste regularmente ao seu posto de traballo.


Tendo en conta o exposto anteriormente, vistos os informes dos servizos e que se acredita a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a proposta, na miña condición de Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Conceder e aprobar á pretensión do funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, Don José Antonio Mourelle Cillero, de prolongar a súa permanencia no servizo activo por un (1) ano máis, isto é, dende o 30 de marzo de 2025 ata o 29 de marzo de 2026, dado que esa é a data na que se prevé ter resoltas as necesidades que motivan esta decisión.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento auséntase da sesión don Pablo Seoane Cancelo e incorpórase o Secretario Xeral don José Antonio Mourelle Cillero.

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	6/8	

	IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	6/8	



4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A PRÓRROGA DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO-EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) NA TEMPADA 2025.

Dáse conta da resolución da Presidencia de 30 de decembro de 2024, pola que por avocación de competencias, se aproba a prórroga do encargo desta Deputación provincial ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) para a realización da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo), na tempada 2025, cos seguintes acordos:

1º.- Avocar na Presidencia a competencia para a aprobación da prórroga do encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2025, dando conta á Xunta de Goberno na primeira sesión que se celebre.

2º.- Aprobar a prórroga do encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2025 (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025), por importe 841.815,67 euros. O mencionado gasto financiarase con cargo á anualidade 2025 e está previsto no orzamento definitivamente aprobado polo Pleno do 27 de decembro de 2024.

3º.- Ordear a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións da memoria que se xunta ao expediente coa presente proposta.

4º.- Prorrogar o nomeamento para a supervisión, control administrativo e seguemento dos traballos encomendados, por parte da Deputación de Lugo, do Coordinador Xefe II das Rutas Fluviais, Ramón Campos Rodríguez ou do técnico de turismo que asuma as súas tarefas (por indicación da Xefa do Servizo), en caso de enfermidade, ausencia ou calquera outra circunstancia.

5º.- Facultar ao Servizo de Turismo, a través da súa Deputada- Delegada, para realizar as modificacións que se consideren necesarias no calendario de funcionamento e para o establecemento dos horarios de saída das embarcacións para a mellor organización do servizo segundo as previsións da demanda e en aras dunha mellora continua na calidade deste produto turístico.

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	7/8	

	IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	7/8	

6º.- A presente prórroga poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución, tal e como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

7º.- A presente prórroga do encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución e da súa liquidación.

8º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución desta prórroga serán resoltas de forma executiva pola Deputación de Lugo.

9º.- A prórroga dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación de Lugo.

10º.- A prórroga do encargo da actividade de funcionamento das rutas fluviais a TRAGSA implicará que, no caso de producírense imprevistos que supoñan a necesidade de suspender temporalmente o encargo, ou de levar a cabo unha reformulación do mesmo que conleve unha redución no orzamento destinado inicialmente ao servizo, a Deputación non terá que indemnizar a TRAGSA.

A Xunta de Goberno queda enterada.


5.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.


Non se presentan.

6.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Fecha y Hora	14/01/2025 14:48:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VZTTCDH55XWECUNPHGN3E5Y	Página	8/8	

	IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Fecha y Hora	17/01/2025 09:48:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V2SXNDFZV3GKDRGXG4PCN4	Página	8/8	